

PROTEXÉMONOS DO CLIMA

OBXECTIVOS

- Entender los riscos que os sucesos climáticos poden ter para nós.
- Desenvolver a noción de prevención.
- Exercer o noso dereito á expresión e a un medioambiente saudable.

MATERIAIS NECESARIOS

- Conto: "Os tres porquiños e o vento feroz" www.unicef.es/gal/educa/biblioteca/tres-porquiños-vento-feroz
- Tralenguas: "Rimas tolas para tempos tolos" www.unicef.es/gal/educa/biblioteca/
- Rimas-tolas-climas-tolos
- Caderno de misión personalizado para a aula: descargable en www.unicef.es/gal/educa/1001proxectos

MATERIAL DE APOIO

- Guía de actividades e recursos de educación en dereitos e cidadanía global sobre educación, dereitos de infancia e cambio climático, dispoñible en www.unicef.es/gal/educa

Aprender que os desastres naturais poden afectarnos e desenvolver un enfoque de prevención desde a primeira infancia é chave para adquirir valores e competencias medioambientalmente responsables que nos acompañarán toda a vida. Ademais, coñeceremos algúns dos problemas que atravesamos actualmente a Terra, o noso fogar, como podemos contribuír a solucionarlos?

Preparación da actividade

Para a preparación da actividade suxerimos as seguintes actividades:


■ Os tres porquiños e o vento feroz

Os tres porquiños sabían que o vento se achegaba... pero non todos coñecían como facerlle fronte. Esta adaptación do conto popular permítenos falar sobre a importancia de tomar en serio os elementos naturais (o sol, a choiva, o vento...) e aprender a protexernos.

Leremos o conto en clase. Ao ser un conto popular, moitos dos nosos alumnos e alumnas xa o coñecerán, polo que é importante destacar os aspectos novos e sorprendentes da narración, en especial os relacionados coa prevención de emerxencias. Durante o conto ou ao finalizalo podemos facer as seguintes preguntas:

- Por que cada un dos irmáns fixo unha casa diferente?
- Podían evitar que chegara o vento feroz? Que podían evitar?
- Ao principio tiñan medo? E logo? Temer o perigo pode ser bo?
- Que podemos aprender para estar mellor protexidos?





■ Rimas tolas para climas tolos

A través destes trabalinguas espertaremos tanto a nosa axilidade verbal coma o noso sentido do humor e asomaremosnos a algúns dos problemas que actualmente vive o planeta a causa do cambio climático:


- Que problemas ten o mundo?
- Queremos ser os solucionadores que os solucionemos? Bos solucionadores seremos!

Desenvolvemento da actividade

Idearemos, planificaremos e executaremos un proxecto ambiental que podamos desenvolver na nosa contorna e que nos permita exercer os nosos dereitos á participación e a un medio ambiente saudable. Elixiremos os obxectivos comúns e marcarémonos metas e responsabilidades individuais.

Os obxectivos deben estar adaptados á idade do noso alumnado: tarefas sinxelas como regular as persianas da aula, regar un pequeno horto, adquirir hábitos de reciclaxe ou coidar as cousas para que duren máis son excelentes proxectos para nenos e nenas menores de 6 anos.

O noso caderno de misión



Seguro que hai un problema na nosa contorna que podemos contribuír a solucionar en grupo. Podemos reciclar?, manter un pequeno horto?, coidar da limpeza da contorna?, axudar a outros nenos e nenas a protexerse do sol, do frío ou da falta de auga?, pedirlle aos adultos que nos axuden a coidar o medio ambiente? Dispostos do primeiro trimestre para organizar o noso proxecto, plasmalo no caderno de misión e presentalo o **20 de novembro, Día Universal da Infancia**, aínda que se poden seguir os prazos que mellor se adaptan á axenda escolar.

O caderno de misión personalizado para o grupo ou aula pode descargarse en www.unicef.es/gal/educa/1001proxectos

Non esquezas compartir a túa experiencia no noso blog www.unicef.es/gal/educa/blog ou en redes sociais co hashtag #1001ProyectosXoPlaneta, para que toda a comunidade educativa coñeza as vosas propostas e poidan inspirarse para lograr un cambio global. **Entre todos podemos conseguilo!**

#1001proyectosXoPlaneta